

ÁMBITO

Localidade GONDOMAR

Comarca VIGO

Lugar de realización RESTAURANTE A VITROLA

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 20

Nº de non militantes asistentes 8

Nº de militantes convocad@s: tod@s

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local ANA BRINGAS LÓPEZ

Representante do Consello Nacional RUBÉN CELA DÍAZ

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión 2 HORAS

Grupo pequeno, nun café-restaurante, arredor duns cafés e unhas cañas.

Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

A valoración xeral é positiva en canto á asistencia de persoas, tanto militantes (algunhas levaban tempo sen asistir ás asembleas) coma simpatizantes (houbo persoas que se achegaron a nós por primeira vez). O ton da xuntanza foi distendido, falouse de política con liberdade e con claridade. As persoas participantes manifestaron a súa satisfacción polos temas abordados.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

Con carácter xeral:

Radiografía da Galiza de hoxe

- Motivación do voto. Por que a corrupción non afecta ao voto do PP?
- O voto das Mareas e de Podemos é o voto da indignación. O voto ao PP é un voto social (caciquismo) ou por inercia.
- A xente cre que o BNG fai moito fincapé no discurso da soberanía en detrimento do discurso social.
- Acúsasenos de non facilitar as confluencias con outras forzas políticas de esquerda.
- O sistema atacou o BNG con furia e a xente menos convencida foise a proxectos máis fáciles, con resultados inmediatos.
- A maioría da xente hoxe en Galiza vive nas cidades ou nas súas áreas de influencia. Hoxe Galiza é menos rural e máis urbana.
- Galiza está empobrecida pola destrución dos nosos sectores produtivos e pola nula calidade dos empregos.
- Galiza está avellentada, a pirámide demográfica está invertida e a emigración

PROPOSTAS PARA O DEBATE

xuvenil agudiza o problema demográfico.

Estratexia política do nacionalismo galego

- Mellorar a comunicación da nosa mensaxe (equipos de psicólogos, sociólogos e expertxs en comunicación).
- Temos activistas e axitadores pero en xeral non se fai o traballo político necesario para levar a nosa mensaxe aos colectivos onde se traballa.
- As eleccións non son o obxectivo principal, pero se participamos temos que facelo con preparación axeitada.
- Non importa non ter representación nas institucións. Hai que cambiar a realidade, non o goberno.

Achegas por escrito dun simpatizante (non debatidas na asemblea):

- Sen deixar de lado a defensa do rural, debemos tamén priorizar a defensa do precariado urbano (na súa maioría castelanfalante).
- Debemos xuntar a axenda social coa nacional, explicando para que precisamos máis soberanía e en que repercute iso na vida diaria das persoas.
- Temos que mellorar a comunicación coa poboación en xeral. Temos que explicar os nosos acertos alí onde gobernamos. (O modelo de cidade de Pontevedra, de vila como Tomiño, ou as peonalizacións do Calvario ou Praza da Independencia feitas polo BNG en Vigo por Lois Pérez Castrillo, que hoxe son lugares cheos de vida).
- Temos que buscar a unidade do nacionalismo galego e volver ter unha casa común.
- Debemos deixar atrás un discurso vello e pouco entendíbel (anticapitalista, patriarcado etc), centrado na protesta, por un máis moderno, sinxelo e positivo, un discurso construtivo e integrador, de goberno.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Participación política e modelo organizativo

- É importante manter a marca electoral BNG.
- Hai vergoña de identificarse como pertencente ao BNG, para que non nos identifiquen co marxismo.
- Cómpre mellorar a formación da militancia.

Achegas por escrito dun simpatizante (non debatidas na asemblea):

- Todas as asembleas deben ser abertas e as actas deben ser públicas na web.
- Mellorar a participación a través das nosas páxinas web e redes sociais.
- O BNG debe deixar de ser unha fronte e pasar a ser un partido único.

PROPOSTAS PARA O DEBATE